

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15014568	IES Nº 1	Ribeira	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Economía e emprendemento	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	24

1. Introducción

A presente programación didáctica para a materia Economía e Emprendemento de 4º de ESO, para o curso académico 2023/2024. Trátase dunha materia optativa que persegue dúas finalidades: por unha banda, que o alumnado dispoña dunha educación económica e financeira para desenvolver, de maneira responsable e viable, os seus proxectos vitais, profesionais e, no seu caso, empresariais; e, por outra banda, que o alumnado poida buscar solucións innovadoras para afrontar os retos que se propoñan, a través do seu autocoñecemento, o coñecemento adquirido e a colaboración cos demais.

Para a elaboración desta programación tívose como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto 156/2022 reparte os criterios de avaliación e contidos en catro bloques que contribuirán á consecución dos obxectivos da materia:

1. O bloque "O perfil da empresa emprendedora, iniciativa e creatividade" vincúlase coa análise e desenvolvemento do perfil da persoa emprendedora facendo fincapé no autocoñecemento e no desenvolvemento de habilidades persoais para poder afrontar contextos cambiantes e incertos nos que emprender.
2. O bloque "A contorna como fonte de ideas e de oportunidades" lígase á análise das distintas contornas -económica, empresarial, social, ambiental, cultural e artística-, así como o desenvolvemento de estratexias que lle permitan ao alumnado identificar necesidades e buscar oportunidades que xurdan, facéndoo consciente de como a contorna condiciona os seus propios proxectos persoais e profesionais.
3. O bloque "Recursos para levar a cabo un proxecto emprendedor" céntrase na captación e xestión dos recursos humanos, materiais, inmateriais e dixitais como elementos necesarios para que un proxecto se poida levar á realidade. Abórdanse cuestións sobre as fontes de financiamento, recursos financeiros e formación e funcionamento efectivo dos equipos de traballo.
4. O bloque "A realización do proxecto emprendedor" trata de dar a coñecer como facer un proxecto emprendedor desde a idea inicial ata a execución e validación do prototipo final.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES Nº 1 de Ribeira.

Ribeira é un municipio de Galicia situado na costa oeste da provincia de A Coruña, na comarca do Barbanza. Limita cos municipios de Pobra do Caramiñal e Porto do Son. Conta cun dos portos pesqueiros de baixura máis relevantes da provincia e inclusive de Europa. Dispón de importantes servizos administrativos como delegación comarcal de Facenda e tres Xulgados de Primeira Instancia e Instrución. Segundo datos do INE a poboación de Ribeira é de 26.839 persoas (2021) e ten un desemprego rexistrado de 1.480 persoas.

O municipio está dividido administrativamente en nove parroquias: Aguiño, Artes, Carreira, Castiñeiras, Corrubedo, Oleiros, Olveira, Palmeira e Ribeira.

No plano natural, conta con importantes praias como a de Corrubedo e a de Coroso, a escasos metros do IES.

Económicamente, Ribeira depende fortemente do mar. O cultivo de mexillón e rodaballo representa unha importante fonte de ingresos. O sector conserveiro ten unha grande importancia na economía local. O sector turístico tamén está en crecemento. Conta con 1.522 empresas activas (2020, datos INE). Un alto porcentaxe da poboación son traballadores/as que exercen a súa actividade ao redor da pesca, actividades afíns e no pequeno comercio.

Características do centro educativo: O IES Nº 1 atópase na Avenida da Coruña, 170, a escasos metros da praia de Coroso. Oferta educativa: Educación Secundaria Obrigatoria; Bacharelato (réxime xeral ordinario e réxime de adultos) (Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais); Educación Secundaria para persoas adultas; alfabetización; as instalacións do centro tamén son utilizadas pola Escola Oficial de Idiomas.

Instalacións: O instituto conta con diferentes aulas para impartir a docencia, dotadas de material como: proxectores, pizarras, ordenadores para o profesorado. Tamén conta con aulas auxiliares: dous laboratorios, aula de tecnoloxía, de música, de plástica, dúas multimedia, de estudio, de convivencia. Tamén conta con salón de actos, biblioteca, pabellón de deportes, sala de profesores, despachos de dirección, departamentos compartidos, departamento de orientación, oficinas, conserxería con servizo de fotocopias, cafetería e dous patios (un exterior e outro cuberto).

Características do alumnado: Temos alumnado que, por diferentes motivos, fundamentalmente dificultades de aprendizaxe ou de adaptación social, teñen necesidades específicas de apoio educativo, para os/as que ás medidas de atención á diversidade son fundamentais para que poidan desenvolver ao máximo as súas potencialidades. Temos casos diagnosticados de TEA, TDAH, dislexia e altas capacidades, aos que se lles aplicará as pautas correspondentes establecidas pola Consellería de Educación e conforme as orientacións do Departamento de Orientación.

O alumnado matriculado nesta materia está composto por 35 alumnos e alumnas, divididos en tres grupos, con idades comprendidas entre os 15 e os 17 anos.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar e valorar as fortalezas e as debilidades propias e as dos demais, reflexionando sobre as aptitudes, xestionando de forma eficaz as emocións e as destrezas necesarias que promovan unha actitude vital creadora para adaptarse a contornas cambiantes e deseñar un proxecto persoal único, cunha actitude emprendedora que xere valor para os demais.					1	1	2	3
OBX2 - Utilizar estratexias de conformación de equipos, así como habilidades sociais, de comunicación e innovación áxil, aplicándoas con autonomía e motivación ás dinámicas de traballo en distintos contextos, para constituír grupos de traballo eficaces e descubrir o valor de cooperar con outras persoas durante o proceso de ideación e desenvolvemento de solucións emprendedoras.	1	1-2			1-3	1	2	
OBX3 - Elaborar, con sentido ético e solidario, ideas e solucións innovadoras e sostibles que dean resposta ás necesidades locais e globais detectadas, utilizando metodoloxías áxiles de ideación e analizando tanto os seus puntos fortes e débiles coma o impacto que poidan xerar esas ideas na contorna, para lograr a superación de retos relacionados coa preservación e co coidado da contorna natural, social, cultural e artística.			3			4	1-2-3	3
OBX4 - Seleccionar e reunir os recursos dispoñibles no proceso de desenvolvemento da idea ou solución creativa proposta, coñecendo os medios de produción e as fontes financeiras que proporcionan estes recursos e aplicando estratexias de captación destes para poñer en marcha o proxecto que leve á realidade a solución emprendedora.			3	2			1-2	
OBX5 - Presentar e expoñer ideas e solucións creativas utilizando estratexias comunicativas áxiles e valorando a importancia dunha comunicación efectiva e respectuosa para transmitir mensaxes convincentes adecuadas ao contexto e aos obxectivos concretos de cada situación e validar as ideas e as solucións presentadas.	1-2-3			3	1	1	1-2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Comprender aspectos básicos da economía e das finanzas, valorando criticamente o problema da escaseza de recursos e a necesidade de elixir, así como os principios de interacción social desde o punto de vista económico, para relacionar os devanditos aspectos coa procura e planificación dos recursos necesarios no desenvolvemento da idea ou da solución emprendedora que afronte o reto exposto de maneira eficaz, equitativa e sostible.						1	1-2-3	
OBX7 - Construír e analizar de maneira cooperativa, autónoma e áxil prototipos innovadores e sostibles, aplicando estratexias eficaces de deseño e execución, avaliando todas as fases do proceso de maneira crítica e ética e validando os resultados obtidos tanto para a mellora e perfeccionamento dos prototipos creados coma para a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal e colectivo.			3	5	3-5		2-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A economía como ciencia.	<p>O problema económico: a escaseza de recursos, as necesidades e a necesidade de elixir.</p> <p>A economía como ciencia. Clasificación da economía.</p> <p>Conceptos básicos: as actividades económicas e os sectores produtivos. Os axentes económicos. Os factores produtivos. O entorno económico empresarial.</p> <p>A toma de decisións: os custos, a análise marxinal, os incentivos. O comportamento irracional das persoas nas decisións.</p>	11	12	X		
2	A realidade económica.	<p>Os problemas económicos e os modos de abordalos. Os sistemas económicos.</p> <p>O impacto da economía nas nosas vidas.</p> <p>Os modelos económicos. A fronteira de posibilidades de produción. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda.</p> <p>O funcionamento dos mercados, o comercio, o benestar e as desigualdades.</p>	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	As finanzas.	O diñeiro e as contas bancarias. As tarxetas. O orzamento. A xubilación e os plans de pensións. O sistema financeiro. As inversións. As débedas. O contrato de seguro.	12	12	X		
4	As empresas.	Os obxectivos das empresas. A responsabilidade social corporativa. Tipos de empresas. Elementos das empresas. Análise da contorna específica ou microcontorna. Análise da contorna xeral ou macrocontorna. Financiación empresarial. Obrigacións das empresas.	12	12		X	
5	O entorno social, ambiental e cultural.	O impacto da actividade empresarial. A pegada ecolóxica, a biocapacidade e o déficit ecolóxico. Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). Da economía lineal á economía circular. A economía colaborativa. A economía social e solidaria. O desenvolvemento local. O emprendemento cultural e artístico. Xéneros do entorno cultural e artístico. Axentes que apoian a creación de proxectos culturais emprendedores.	11	12		X	
6	O emprendemento e a motivación.	A importancia do emprendemento. O perfil da persoa emprendedora: habilidades e calidades. Análise DAFO da persoa emprendedora. A xestión das emocións. O éxito e o fracaso da persoa emprendedora.	11	10		X	
7	O traballo en equipo.	O valor dun equipo. O liderado. A comunicación. A resolución de conflitos. A cultura das organizacións.	10	11			X
8	A idea de negocio.	O modelo de negocio. A idea de negocio e as oportunidades empresariais. A creación de valor. A busca do mercado. Análise para a monetización. Construír un prototipo. A protección das ideas.	11	11			X
9	A posta en marcha do proxecto emprendedor.	Planificación, xestión e execución do proxecto emprendedor: O plan de empresa. O marketing. A viabilidade do proxecto. O plan financeiro e a financiación do proxecto. Compartir o proxecto.	12	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A economía como ciencia.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Entender o papel da economía como ciencia e o proceso básico da toma de decisións de carácter económico en distintas contornas. Comprender o concepto de escaseza económica e relacionalo co custo da renuncia das alternativas perdidas.	PE	70
CA2.2 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais promovendo e desenvolvendo actitudes creativas.	Participa de forma activa, responsable e creativa na propia aprendizaxe e na identificación dos contidos, asociados á unidade, na realidade cotidiana.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A economía como ciencia. A perspectiva económica da contorna. O problema económico: a escaseza de recursos e a necesidade de elixir. A elección en economía: custos, análise marxinal, incentivos. O comportamento das persoas nas decisións.

UD	Título da UD	Duración
2	A realidade económica.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	Relaciona os factores produtivos e as rendas. Comprende o papel dos axentes no fluxo circular da renda. Valora o papel do mercado na asignación dos recursos. Identifica posibles solucións para reducir as desigualdades e incrementar o benestar. Clasifica as actividades económicas por sectores.	PE	70
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Analiza de forma crítica as decisións de consumo propias e alleas, considerando o papel da moda e da publicidade e reflexionando sobre o seu impacto social e medioambiental.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A economía como ciencia. A perspectiva económica da contorna. O problema económico: a escaseza de recursos e a necesidade de elixir. A elección en economía: custos, análise marxinal, incentivos. O comportamento das persoas nas decisións.
- A contorna económico-empresarial. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda.

Contidos
- O funcionamento dos mercados. Comercio, benestar e desigualdades.

UD	Título da UD	Duración
3	As finanzas.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	Entende o papel do diñeiro, das contas bancarias e do sistema financeiro, tanto na vida persoal como na actividade emprendedora.	PE	70
CA3.3 - Planificar e poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora, seleccionando e reunindo os recursos materiais, inmateriais e dixitais máis adecuados ao noso proxecto.	Elabora un orzamento.		
CA3.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións e planificando con coherencia a súa organización, distribución, uso e optimización.	Entende a importancia do aforro e as posibilidades de financiamento que existen nos mercados financeiros, valorando os riscos e custos das distintas fontes.		
CA3.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora vendo a relación entre os coñecementos adquiridos e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento, identificando os máis adecuados en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas e aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Aplica a casos prácticos os coñecementos sobre financiamento e investimento adquiridos.	TI	30
CA2.2 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais promovendo e desenvolvendo actitudes creativas.	Participa de forma activa, responsable e creativa na propia aprendizaxe e na identificación dos contidos, asociados á unidade, na realidade cotidiana.		
CA3.5 - Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, ideas e solucións creativas, co fin de captar recursos para o financiamento e o mecenado deste.	Presenta e expón unha idea emprendedora e os recursos necesarios para o seu financiamento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O sistema financeiro.
- As finanzas da persoa emprendedora: control e xestión do diñeiro. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e a longo prazo e a súa relación co benestar financeiro. O endebedamento. Fontes de

Contidos
- financiamento e captación de recursos

UD	Título da UD	Duración
4	As empresas.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Preservar e coidar a contorna natural, social, cultural e artística a partir de propostas e actuacións locais e globais que promovan o desenvolvemento sostible, con visión creativa, emprendedora e comprometida.	Coñece os elementos da empresa. Identifica a contorna específica e xeral da empresa.	PE	70
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Recoñece a importancia da responsabilidade social corporativa das empresas.		
CA3.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora vendo a relación entre os coñecementos adquiridos e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento, identificando os máis adecuados en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas e aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Coñece os obxectivos das empresas, a súa forma xurídica, a súa financiación e obrigacións.		
CA2.2 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais promovendo e desenvolvendo actitudes creativas.	Participa de forma activa, responsable e creativa na propia aprendizaxe e na identificación dos contidos, asociados á unidade, na realidade cotidiana.	TI	30
CA2.4 - Propoñer ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o impacto que poidan xerar no eido persoal e na contorna e aplicando metodoloxías áxiles para a obtención de solucións ás necesidades detectadas con sentido ético e solidario.	Analiza o impacto na contorna da actividade empresarial e propón ideas e solucións innovadoreas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O mercado e as oportunidades de negocio: análise da contorna xeral ou macrocontorna; análise da contorna específica ou microcontorna. Análise DAFO de proxectos empresariais. Estratexias de exploración da contorna. Procura e xestión da información. - A empresa e a súa responsabilidade social. A decisión empresarial e a innovación como fonte de transformación social. - O impacto da actividade empresarial: a responsabilidade social corporativa. A contorna social, cultural e ambiental desde unha perspectiva económica. A economía colaborativa. A pegada ecolóxica e a economía circular. A economía social e solidaria. Os obxe

Contidos
- Misión, visión e valores da empresa ou entidade: a cultura empresarial. A organización e a xestión das entidades emprendedoras. Funcións da empresa.

UD	Título da UD	Duración
5	O entorno social, ambiental e cultural.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Preservar e coidar a contorna natural, social, cultural e artística a partir de propostas e actuacións locais e globais que promovan o desenvolvemento sostible, con visión creativa, emprendedora e comprometida.	Identifica distintas posibilidades de emprendemento no sector cultural e artístico. Recoñece distintas propostas para evitar o impacto negativo das empresas na súa contorna natural, social e cultural. Recoñece os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).	PE	70
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Identificar as características da economía social e solidaria, e a economía circular.		
CA2.2 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais promovendo e desenvolvendo actitudes creativas.	Participa de forma activa, responsable e creativa na propia aprendizaxe e na identificación dos contidos, asociados á unidade, na realidade cotidiana.	TI	30
CA2.4 - Propoñer ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o impacto que poidan xerar no eido persoal e na contorna e aplicando metodoloxías áxiles para a obtención de solucións ás necesidades detectadas con sentido ético e solidario.	Analiza o impacto na contorna da actividade da súa idea emprendedora e propón ideas e solucións innovadoras e sostibles.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O mercado e as oportunidades de negocio: análise da contorna xeral ou macrocontorna; análise da contorna específica ou microcontorna. Análise DAFO de proxectos empresariais. Estratexias de exploración da contorna. Procura e xestión da información. - A empresa e a súa responsabilidade social. A decisión empresarial e a innovación como fonte de transformación social. - O impacto da actividade empresarial: a responsabilidade social corporativa. A contorna social, cultural e ambiental desde unha perspectiva económica. A economía colaborativa. A pegada ecolóxica e a economía circular. A economía social e solidaria. Os obxe - Sectores produtivos e xéneros da contorna cultural e artística. Axentes que apoian a creación de proxectos culturais emprendedores.

UD	Título da UD	Duración
6	O emprendemento e a motivación.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo do autoconhecimento e tomando conciencia de que o proceso emprendedor constitúe unha forma de enriquecemento e crecemento persoal.	Distingue entre motivación intrínseca e extrínseca. Valora a motivación e o proceso emprendedor como forma de crecemento persoal.	PE	70
CA1.3 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais, promovendo e desenvolvendo actitudes creativas, asumindo o risco que supón un proxecto innovador e aprendendo dos erros que cometemos.	Identifica as calidades persoais e as destrezas asociadas á persoa emprendedora, necesarias para poñer en marcha un proxecto innovador. Coñece os riscos inherentes á actividade emprendedora.		
CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	Distingue diferentes tipos de emprendemento. Coñece ferramentas de axuda aos emprendedores/as. Recoñece as contribucións sociais da actividade emprendedora.		
CA1.2 - Utilizar estratexias de análise razoada das fortalezas e debilidades persoais e da iniciativa e creatividade propia e da dos demais.	Realiza a análise DAFO propia e a súa valoración crítica. Considera as áreas propias de mellora. Identifica as fortalezas e debilidades persoais propias e dos demais relacionadas coa iniciativa emprendedora.	TI	30
CA2.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo da valoración crítica sobre as propias aptitudes e as posibilidades creativas.	Realiza a análise DAFO da súa idea emprendedora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia económica e social da persoa emprendedora. - O perfil da persoa emprendedora: habilidades. - Autoconfianza, autoconhecimento, empatía, perseveranza, iniciativa e resiliencia. - Técnicas de diagnóstico de debilidades e fortalezas internas. Análise DAFO da persoa emprendedora. - Xestión de emocións. A importancia da motivación para emprender. Estratexias de xestión da incerteza e toma de decisións en contextos cambiantes. O erro e a validación como oportunidades para aprender. - O mercado e as oportunidades de negocio: análise da contorna xeral ou macrocontorna; análise da contorna específica ou microcontorna. Análise DAFO de proxectos empresariais. Estratexias de exploración da contorna. Procura e xestión da información. - A visión emprendedora.

UD	Título da UD	Duración
7	O traballo en equipo.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Constituír equipos de traballo baseados en principios de equidade, coeducación e igualdade entre homes e mulleres, actitude participativa e visualización de metas comúns, utilizando estratexias que faciliten a identificación e a optimización dos recursos humanos necesarios que conduzan á consecución do reto proposto.	Diferencia entre grupo de persoas e traballo en equipo. Coñece estratexias áxiles para a formación de equipos de traballo. Identifica as calidades para o liderado. Coñece estratexias para unha boa comunicación e para a negociación e a resolución de conflitos.	PE	90
CA1.4 - Pór en práctica as habilidades sociais da persoa emprendedora, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación e innovación áxil, tanto de maneira presencial como a distancia, en distintos contextos de traballo en equipo, valorando, respectando e asumindo as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo en grupo.	Participa de forma activa, responsable e creativa nun equipo de traballo para a consecución dos obxectivos propostos.	TI	10
CA3.2 - Poñer en práctica habilidades sociais, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación en distintos contextos de traballo en equipo, valorando as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo e respectando as decisións tomadas de forma colectiva	Aplica estratexias de traballo en equipo. Aplica distintas técnicas de comunicación, resolución de conflitos e motivación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O perfil da persoa emprendedora: habilidades. - -Comunicación, motivación e liderado da persoa emprendedora. Habilidades sociais. Dinámicas de traballo en grupo. - Misión, visión e valores da empresa ou entidade: a cultura empresarial. A organización e a xestión das entidades emprendedoras. Funcións da empresa. - Os equipos nas empresas e organizacións. Estratexias áxiles de traballo en equipo. Formación e funcionamento de equipos de traballo. Estratexias de comunicación, negociación e solución de conflitos.

UD	Título da UD	Duración
8	A idea de negocio.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Pór en práctica as habilidades sociais da persoa emprendedora, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación e innovación áxil, tanto de maneira presencial como a distancia, en distintos contextos de traballo en equipo, valorando, respectando e asumindo as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo en grupo.	Participa de forma activa, responsable e creativa nun equipo de traballo para a consecución dos obxectivos propostos.	TI	100
CA1.5 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto na sociedade.	Avalía o impacto na sociedade de distintas ideas e propón solucións innovadoras.		
CA1.6 - Construír ideas creativas e sostibles aplicando metodoloxías áxiles que faciliten a superación dos retos expostos con sentido ético e solidario.	Propón ideas creativas que contribúan ao desenvolvemento sostible da súa contorna.		
CA1.7 - Validar as ideas e solucións utilizando estratexias comunicativas áxiles adaptadas a cada situación comunicativa.	Aplica estratexias comunicativas áxiles na presentación das ideas propostas.		
CA1.8 - Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e solucións creativas, adquirindo habilidades e técnicas de expresión oral con apoio audiovisual na posta en común destas.	Presenta e expón a súa idea de negocio.		
CA4.9 - Utilizar estratexias eficaces de deseño e execución do prototipo final utilizando métodos de traballo áxiles, cooperativos e autónomos, analizando de maneira crítica o proceso de deseño e execución levado a cabo e valorando a súa viabilidade e adecuación empregada na construción deste.	Presenta e expón un prototipo ou un produto mínimo viable da súa idea de negocio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O perfil da persoa emprendedora: habilidades. - Creatividade, ideas e solucións. A innovación áxil. - Mercadotecnia do produto. Presentación e introdución do prototipo na contorna. Estratexias de difusión. - Validación e testado de prototipos. Valoración do proceso de traballo. Innovación áxil.

UD	Título da UD	Duración
9	A posta en marcha do proxecto emprendedor.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Pór en práctica as habilidades sociais da persoa emprendedora, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación e innovación áxil, tanto de maneira presencial como a distancia, en distintos contextos de traballo en equipo, valorando, respectando e asumindo as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo en grupo.	Participa de forma activa, responsable e creativa nun equipo de traballo para a consecución dos obxectivos propostos.		
CA4.1 - Adaptarse a contornas complexas cun proxecto persoal orixinal e xerador de valor, logrando pro-gresivamente o control consciente das emocións.	Presentar un proxecto emprendedor a partir dunha idea de negocio.		
CA4.2 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto no eido persoal e na contorna.	Avaliar o impacto da idea de negocio no eido persoal e na contorna.		
CA4.3 - Poñer en marcha un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles no proceso de ideación creativa.	Planificar o proxecto de empresa presentado.		
CA4.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e de xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións.	Manexar estratexias de captación e xestión dos recursos necesarios para a posta en marcha do proxecto presentado.	TI	100
CA4.5 - Validar as ideas e as solucións presentadas mediante mensaxes convincentes e adecuadas, co fin de presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e as solucións creativas, mantendo unha comunicación eficaz e respectuosa ao longo de todo o proceso levado a cabo.	Aplicar ferramentas de comunicación ao proxecto presentado.		
CA4.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos desde o ámbito da economía e das finanzas, vendo a relación entre estes e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento.	Determinar os recursos necesarios para desenvolver o proxecto presentado.		
CA4.7 - Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacións, actividades ou proxectos concretos.	Analizar a viabilidade do proxecto presentado.		
CA4.8 - Afrontar os retos de maneira eficaz, equitativa e sostible, en distintos contextos aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Avaliar o impacto na contorna do proxecto presentado en termos de equitatividade e sostibilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O perfil da persoa emprendedora: habilidades. - -Comunicación, motivación e liderado da persoa emprendedora. Habilidades sociais. Dinámicas de traballo en grupo. - O reto ou o desafío como obxectivo. - Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Do reto ao prototipo.

Contidos

- Desenvolvemento áxil do produto.
- Técnicas e ferramentas de prototipado rápido.
- Métodos de análise da competencia. Estratexias competitivas.
- Estudo de viabilidade do produto e elección de forma xurídica.
- O usuario como destinatario final do prototipo. A toma de decisións dos usuarios. O usuario como consumidor. Dereitos e obrigacións dos consumidores.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía proposta terá as seguintes características:

1.- Activa e participativa, que facilite a iteración entre o profesor e o alumno favorecendo a súa implicación e participación activa mediante tarefas e proxectos que partan de contextos actuais e significativos adecuados ás vivencias do alumnado, tentando que expresen ademais a súa opinión e se convirtnos protagonistas da súa propia aprendizaxe, desenvolvendo a súa capacidade de aprender a aprender.

2.- Motivadora: de xeito que o profesorado sexa quen de xerar curiosidade no alumnado.

3.- Construtiva, é dicir, adaptarse ás características dos alumnos/as, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmos, o traballo en equipo, e promoverá a creatividade e o dinamismo integrando os recursos das tecnoloxías da información e da comunicación na aprendizaxe.

No deseño da práctica de ensino e aprendizaxe desta materia consideranse os principios e orientacións pedagóxicas do Decreto 156/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe serán.

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo con perspectiva de xénero.

- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas

dificultades.

- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

- Un enfoque da materia teórico-práctico aplicando os saberes ao desenvolvemento dun proxecto emprendedor en cada unha das súas fases e tendo en conta a igualdade no emprego e nas relacións laborais.

- Unhas aprendizaxes que partan desde a acción e que se constrúan enfocadas a esta.

- Un prototipo que sexa o eixe da materia e no que a alumna ou o alumno realizará a ideación, a xestión de recursos, a validación e a toma de decisións desde unha perspectiva emprendedora.

- Un sistema de traballo que fomente a cultura creativa, colaborativa e de participación dirixida a crear valor para os demais.

Empregaranse múltiples vías (verbal, auditiva, visual...) na presentación de contidos ao tempo que se promoverá que o alumnado exprese o coñecemento empregando diferentes vías.

Fomentarase a análise crítica dos contidos, actividades e tarefas propostas. Propóranse tarefas e actividades, individuais e grupais, con diferentes niveis de complexidade, que permitan relacionar coñecementos e aplicalos á realidade cotidiana. Priorizarase o traballo na aula para a supervisión do progreso do alumnado no proceso de aprendizaxe. Avaliaráranse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación do alumno/a e a súas aportacións nas tarefas grupais.

A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora.

Resulta fundamental promover a participación nos programas e plans educativos do centro que faciliten o desenvolvemento das competencias clave e o tratamento dos elementos transversais.

Hai que destacar que vaise a utilizar desde o primeiro día a aula virtual da Consellería de Educación, tanto para poñer a disposición do alumnado os materiais como para habitualos no seu manexo, entregando pequenos traballos e realizando tarefas ou cuestionarios. Deste xeito estaremos preparados, se as circunstancias obrigasen a utilizar esta ferramenta, nun posible escenario de ensino non presencial.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual do centro
Pantalla e proxector
Internet e páxinas web de interese para a materia
Libro de texto da editorial Mc Graw Hill
Material de elaboración propia e outros recursos de diversos profesionais
Pizarra
Vídeos, reportaxes, entrevistas, etc. de interese para a materia
Biblioteca.
Plans, proxectos e programas de centro.
Aula de informática.
Software libre.

A utilización da aula virtual é fundamental, tanto para compartir material como para a proposta de tarefas e instrucións.

Utilizarase libro de texto e textos de elaboración propia, así como material diverso que será compartido na aula virtual.

As clases impartiranse con proxeccións na pantalla e, no seu caso, enlaces a páxinas web de interese para a materia. Recurrirase, cando sexa procedente, a visionado de reportaxes, documentais, entrevistas, etc. de interese para a materia.

O alumnado realizará tarefas prácticas propostas en clase ou na aula virtual, individuais, e/ou, en equipos. Priorizarase o traballo na aula para a supervisión da implicación e evolución do alumnado.

O alumnado poderá consultar na biblioteca libros e revistas, de interese para a materia e fomento da lectura no ámbito económico.

Desenvolvemento de actividades nos plans, proxectos e programas nos que participa o centro, vinculados aos contidos da materia, fomentando o traballo dos elementos transversais.

Acceso á aula de informática.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa. Formularase como proba escrita co fin de avaliar os coñecementos previos da materia e o nivel competencial do alumnado. Permitirá axustar o proceso de ensino ás características que presenta o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	10	12	12	11	11	10	11	12	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	90	0	0	56
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	10	100	100	44

Criterios de cualificación:

Cualificación avaliación parcial

Calcularase como media ponderada das cualificacións de cada unidade didáctica determinadas pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos.

As probas escritas poderán consistir en preguntas tipo test ou preguntas curtas, e/ou exercicios prácticos. No caso de que o exame sexa tipo test, cada resposta incorrecta terá unha penalización de 1/3 do valor dunha pregunta correcta. As táboas de indicadores de logro dos criterios de avaliación versarán fundamentalmente sobre o traballo do alumno/a na aula, conforme a súa participación activa, creativa e positiva no seu proceso de aprendizaxe, a atención prestada durante as explicacións, as respostas ás preguntas formuladas na aula, a realización das actividades na aula. Tamén se terá en conta a entrega das tarefas solicitadas e a calidade das mesmas conforme as instrucións facilitadas. No caso de que o alumno, ou alumna, se negue a traballar na aula, poderá entregar as tarefas na aula virtual, pero a cualificación será inferior (ata un máximo dun 5), mentras que a cualificación do traballo realizado na aula, baixo a supervisión da profesora, poderá ser de ata un 10, non sendo requisito indispensable a perfección na execución senón a actitude positiva e participativa e a evolución no proceso de aprendizaxe.

Na primeira e na segunda avaliación, como resultado da aplicación dos instrumentos de avaliación referidos, os exames terán un peso do 70% na cualificación e o traballo do alumno/a un 30%.

Na terceira avaliación haberá un exame dos contidos da unidade didáctica 7. As unidades 8 e 9 serán avaliadas polo traballo do alumnado, que, por equipos, deberá elaborar un traballo de emprendemento e expoñelo en clase. Nesta avaliación, como resultado da aplicación dos instrumentos de avaliación referidos en cada unidade didáctica, o exame terá un peso dun 30% na cualificación, a exposición do traballo un 40% e o traballo en equipo un 30%.

A cualificación da exposición será individual e nela cada alumno/a poderá demostrar o logro dos distintos criterios de avaliación, conforme os instrumentos de avaliación referidos. Para a cualificación do traballo realizado polo equipo se terá en conta as aportacións de cada integrante en beneficio do equipo e a súa participación activa, creativa e positiva.

No caso de ser imposible o traballo en equipos na terceira avaliación debido a un comportamento disruptivo do alumnado, a profesora poderá determinar a realización dunha proba escrita, ou a entrega dun traballo individual, que versará sobre os contidos traballados na aula correspondentes ás unidades 8 e 9, cun peso do 70% na cualificación da avaliación.

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios de redondeo anteriores.

Cualificación avaliación final

Calcularase como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar o redondeo.

Dado que a cualificación da avaliación final é numérica exacta, aplicarase o mesmo redondeo que o mencionado para as avaliacións parciais.

O alumnado que non supere algunha avaliación parcial será convocado a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Ademais, abríranse prazos para que poida entregar tarefas

pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso.

A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos.

O alumnado que non superou as avaliacións parciais, terá que presentarse á proba final (proba escrita), que versará sobre os contidos específicos daquelas avaliacións que ten suspensas.

A cualificación da avaliación final será calculada como media ponderada das cualificacións das avaliacións parciais superadas e a cualificación da proba final correspondente ás avaliacións non superadas sen aplicar o redondeo.

Dado que a cualificación da avaliación final é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación.

Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación final sexa igual ou superior a 5.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere algunha avaliación parcial será convocado a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Ademais, abriranse prazos para que poida entregar tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso.

A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos.

O alumnado que non superou as avaliacións parciais, terá que presentarse á proba final (proba escrita), que versará sobre os contidos específicos daquelas avaliacións que ten suspensas.

A cualificación da avaliación final será calculada como media ponderada das cualificacións das avaliacións parciais superadas e a cualificación da proba final correspondente ás avaliacións non superadas sen aplicar o redondeo.

Dado que a cualificación da avaliación final é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación.

Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación final sexa igual ou superior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

Para a atención á diversidade, aplicaranse:

- As medidas ordinarias de atención á diversidade recollidas na orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011.
- De ser o caso, levaranse a cabo as medidas extraordinarias precisas recollidas tamén nas referencias legislativas mencionadas anteriormente.
- As medidas recollidas nos protocolos educativos específicos da Xunta (TEA, TDAH, alumnado con discapacidade auditiva...) ao alumnado que o requira, previa comunicación co departamento de orientación.
- Utilizarase a aula virtual do centro onde se poñerán ao dispor do alumnado, información, instrucións, contidos e tarefas, facilitando así o seguimento e reforzo de todo o tratado na aula, por parte do alumnado con dificultades.
- A aula virtual tamén permite poñer a disposición do alumnado con altas capacidades, nivel de partida mais avanzado ou maior interese no tema estudado, material diverso para a ampliación de coñecementos.

Para a integración do alumnado con necesidades educativas especiais ou con determinados problemas de aprendizaxe, unha boa estratexia é implicalos nas mesmas tarefas co resto do grupo, con distinto nivel de profundización e esixencia en moitas das actividades propostas. O traballo por parellas ou en pequeno grupo, propiciará a "tutorización entre iguais" onde o alumnado poderá prestarse apoio mutuamente.

A formación de grupos para a realización de proxectos e prácticas fomenta as relacións sociais entre o alumnado e a formación ou asentamento dunha maior cultura social e cívica.

Priorizarase a realización de tarefas e actividades na aula para permitir a supervisión directa por parte da profesora da evolución do alumnado con dificultades no seu proceso de aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X
ET.8 - A igualdade de xénero	X
ET.9 - A creatividade	X

Observacións:

En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita empresa.	Co fin de analizar a toma de decisións dun dos principais axentes económicos.		X	
Charlas formativas a cargo de profesionais e/ou institucións.	Charlas que pretenden achegar a realidade económica ao alumnado.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoos ás características do alumnado e contexto do centro.
Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia.
Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación.

Metodoloxía empregada
Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión.
Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
Fomenta e estimula as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e en público.
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo.
Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias.
Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr.
Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.
Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados.
Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade.
Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inxedanzas do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas.
Xestiona a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado, ensinando estratexias comunicativas.
Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía.
Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado.
Procura a transparencia do proceso de avaliación.
Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases.
Participa en actividades de formación dirixidas á actualización de coñecementos científico-técnicos, didácticos e/ou psicopedagóxicos.
Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino.
Realiza actividades, traballos e proxectos de investigación e innovación educativa relacionados coa práctica docente.
Medidas de atención á diversidade
Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.
Establece as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ao currículo do alumnado
Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación, en función das súas necesidades.
Emprega instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
Establece as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado.

Clima de traballo na aula
Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos.
Emprega na aula un discurso que estimula e mantén o interese do alumnado polos contidos obxecto de estudo.
Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias.

Descrición:

Tal e como establece a normativa, O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes. Tales indicadores consisten nunha serie de items que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- planificación,
- motivación do alumnado,
- desenvolvemento do proceso de ensino,
- idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

Valoraranse de 0 a 5.

Obxectivos da avaliación da práctica docente:

- Axustala ás peculiaridades do grupo e a cada alumno/a.
- Comparar a planificación curricular coa súa execución.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.
- Mellorar a comunicación e coordinación

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia a cada grupo e nas reunións mensuais de departamento. O informe de seguimento require indicar o número de sesións empregadas en cada unidade didáctica, grao de cumprimento, propostas de mellora e observacións.

Nas reunións de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar co fin de introducir as modificacións que sexan precisas.

O informe de seguimento facilitará a redacción da Memoria Final.

Ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro:

- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

9. Outros apartados